

UNHA RÚA CHAMADA DO PORVIR QUE APOSTOU POLAS ANTIGÜIDADES

Xaime Félix López Arias

Todo comezou darredor do interese dun marchante catalán por adquirir pezas antigas e o coñecemento de que nun alpendre da Casa Novoa, na rúa Conde de Lemos, se gardaba a tapa granítica dun sartego de cabaleiro con espada (¿ cecais un Ribadeneira ?), e Xerardo Alvaredo Osorio, que tiña un amplo bar chamado “ Las Vegas “ (Rúa Matías López/ Rúa Calvo Sotelo) achou o que ía ser o seu novo destino: exercer de anticuario, conservando o aquel nome comercial en “ Antigüidades Vegas”.

E nesa nova xeira moi axiña foi seguido polos irmáns Calzada (Xosé e Manuel López Losada) e máis adiante viñeron outros máis que percorrendo afastadas parroquias rurais e lugares remotos foron facendo a descuberta dun rico patrimonio que en pendellos e faios estaba destinado a ser comesto pola couza.

Os vellos aveños dos labores agrícolas, os trebellos sen uso e toda unha variada serie de “ cousas vellas”, desbotadas polas anovacións produtivas e os novos xeitos de vida, foron pasando a mans dos noveis anticuarios sarriaos dándolles saída, como elementos decorativos, de coleccionismo ou para seren musealizados, cara os máis diversos espazos xeográficos. E tamén o seu labor deu lugar á recuperación de trebellos varios, reloxos, pezas de artesanía, cadros, instrumentos de todo tipo: tallas, pezas de mobiliario procedentes das mansións burguesas, moedas, cerámicas, documentos, libros soltos ou bibliotecas enteiras que foron saíndo á luz e foron pasando a mans de curiosos, persoas interesadas na arte, etnógrafos, coleccionistas e persoas con desexos de contar con elementos enxebres para a decoración de fogares e establecementos hostaleiros.

E á aqueles pioneiros fóronse unindo sucesivas fornadas de anticuarios que foron asentando especialmente na Rúa do Porvir, ao tempo que se ían perfeccionando e especializando profesionalmente nos labores de restauro e de recuperación de formas baixo a creación de réplicas, permitindo así espallar o coñecemento de elementos xa en desuso que encerraban valores estéticos e decorativos moi prezados.

Eses labores permitiron, por exemplo, xuntar a máis ampla colección da samonense cerámica de Vilaceite, singularísima obra dos desaparecidos barreiros, e que debidamente estudada e clasificada acabaría traducíndose, anos despois, no restauro dun vello forno cachaeriro; destacado feito este nado da valiosa aportación dos teimudos recolletores de pezas que estaban chamadas á simple desaparición, dadas a súa fragilidade e a nula valoración na que as tiñan os seus posúedores, malia aos valores artísticos e etnográficos que as pezas, finalmente recuperadas, presentaban.

Para visualizaren o seu labor e amosar as mellores pezas por eles reunidas, co gallo das “Festas de San Xoán” os anticuarios sarriaos organizaron “Mostras de Antigüidades e Artesanía” que foron pasando pola antiga Biblioteca, a Sala de Exposicións da Caixa de Aforrros, “Villa Andrea”, o Paseo do Malecón e a Casa da Cultura.

E diante do bon suceso que as sucesivas edicións presentaban, atendendo ao feito de que a maior parte dos establecementos e almacéns dos anticuarios estaban no Barrio de San Lázaro foi como xurdeu a idea de recuperar a vella Feira de Lázaro, con orixe cando menos no século XV e que esmorecera nos anos 1960, e que por séculos fora a feira aneira máis destacada na comarca, especializándose neste novo renacemento como unha feira onde artesáns, anticuarios e coleccionistas tivera acollida ao tempo que se abrían as portas de todos os profesionais á curiosidade e a observación dos feirantes, dando así lugar á rememoración dos vellos xeitos de vida e daqueles obxectos xa esquecidos por parte dos maiores e á divulgación entre as novas xerazóns de toda unha serie de cousas que tiveran vida activa e cuxa utilidade lles era descoñecida, xerando un labor didáctico que permite a formación de criterios de amor e mantemento dos valores tradicionais.

Consolidada a celebración da feira, dada a inestabilidade climatolóxica producida nas variacións das datas do Domingo de Paixón, sinalaron como datas para o evento as da primeira fin de semana de abril, e ademáis xunto coa celebración da Feira, procedeuse con bon criterio á abril a participación da artesáns, expositores e coleccionistas de fora da comarca.

A Feira de San Lázaro – Feira de Antigüidades e Restauración - Feira de Antigüidades da Eurorrexión , ven sendo agora unha das celebracións máis representativas da vila de Sárria e celébrase na Rúa do Porvir, tamén xustamente chamada “ Rúa dos Anticuarios” , con notable participación de expositores e feirantes, complementada con actividades lúdicas, folclóricas , divulgativas e gastromómicas, que convidan ao desprazamento de xentes da máis variada procedencia para participaren nun evento moi significativo.

Nas horas de tribulación que corren a imposibilidade física da celebración de tan destacada feira ten que servir para manter viva a arela de amosar en vivo os tesouros gardados nos seus establecementos polos seguidores de quen, vai xa para sesenta anos, comezaron a súa andadura profesional de recolleita, clasificación , divulgación e posta en valor do que inxustamente calificado como “vellicies” ou “refugallo” agardaba ser posto á vista para a súa valoración e o aprecio das novas xerazóns, como rico patrimonio e herdo recibido dos devanceiros.

Longa vida para a Feira de Antigüidades e Restauración-Feira de Antigüidades da Eurorrexión en Sárria.